

Nin gota!

Seguro que che dixeron moitas veces que debes aforrar auga, pero, sabes como facelo? Velaquí tes algúns consellos:

- Non deixes a billa aberta mentres lavas os dentes.
- Dúchate no canto de te bañares.
- Utiliza un recipiente para lavar froitas ou verduras e aproveita despois a auga para outra cousa.



Ves que fácil é non malgastar nin unha soa pinga de auga na nosa casa? Pois adiante!

1. Para que podes reutilizar a auga despois de lavar a froita?

Pensa e marca dúas cousas.

☐ Para cociñar.

☐ Para regar as plantas.

☐ Para beber.

☐ Para fregar o chan.

2. Aforro auga. Que lle dirías a un amigo que malgasta a auga?



3. **OPCIONAL**. Fai un cartel para animar a túa familia e compañeiros a aforrar auga.